

Orde pola que se convoca o concurso de méritos para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta Consellaría

A administración non recolleu ningunha das achegas feitas pola CIG Ensino, nin tan sequera contestou ás dúbidas sobre onde puntuarían as distintas actividades de formación.

A CIG-Ensino reclama, como en ocasións anteriores, que cando se traia unha convocatoria destas características se nos faga chegar a totalidade das prazas que están nesta situación, porque é a única maneira de saber que prazas están cubertas e cales non. Queremos saber cantas hai adxudicadas mediante esta figura de convenios.

Neste mesmo sentido tamén queremos coñecer todas as prazas ocupadas no CFREs, CAFIs e Asesorías na Consellaría.

En definitiva queremos coñecer o número total de profesorado cedido pola Consellaría de Educación, e claro está, coa súa especialidade.

Consideramos que non é de recibo cubrir postos en centros do Exército. Que se fagan as negociacións pertinentes para que estas prazas pasen á Consellaría de Educación.

Non compartimos que haxa convenios con entidades privadas, neste caso a ONCE.

Mención a parte merece a praza no IES de Sabón, como se pode convenir unha praza cun IES da propia Consellaría por moito que a docencia sexa no Concello de Arteixo.

Solicitamos que se lle dea a posibilidade de acceder a estas prazas ao profesorado interino, aínda que sexa nunha segunda quenda, sempre que teña dereito a traballar, naturalmente. E non nos vale a desculpa de que as prazas son por máis de un ano, xa que vemos, ano tras ano, que isto non se cumpre.

Propostas ao articulado

No **artigo 3.2** solicitamos que se aclare que son “outras actividades”, onde van ir as xornadas, congresos, simposios...? damos por certo que os grupos de traballo e os proxectos de formación en centro van no 3.2, pero solicitamos á administración que o confirme. Hai que corrixir o anexo IV.

No **artigo 4** solicitamos que o proxecto teña que ser en galego.

No **artigo 5.1** solicitamos que a comisión de selección teña unha composición máis técnica e que sexa a sorteo, igualmente solicitamos que non se creen subcomisións, non hai ningunha praza tan técnica que precise delas, e de crealas que se nos convoque ás súas reunións.

No **Artigo 6** solicitamos que desapareza a posibilidade de facer entrevista e que no caso de empate se aplique a seguinte orde para desempatar: antigüidade, formación e méritos académicos.

Propoñemos que o proxecto non sexa eliminatorio, e no caso de selo que a puntuación mínima sexa de tres puntos e non de catro.

Rematamos recordando que a CIG Ensino defende que só se convenien prazas coa Administración e que estas sexan as estritamente necesarias, “entre axencias e outras consellarías, como por exemplo a de infraestruturas no caso do transporte escolar, a Consellaría vai quedar sen competencias”.